



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUROS

Aprobación inicial da proposta de estrutura de custos do contrato de servizos enerxéticos do alumeadado público municipal

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Muros, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de xaneiro de 2026, aprobou inicialmente a proposta de estrutura de custos do contrato de servizos enerxéticos do alumeadado público municipal do Concello de Muros

De conformidade co disposto no artigo 103 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e no artigo 9 do Real Decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, elaborouse a correspondente proposta de estrutura de custos do contrato de servizos enerxéticos do alumeadado público municipal do Concello de Muros

O expediente está sometido a información pública mediante anuncio no BOP no prazo de vinte días, a contar desde o día seguinte ao desta publicación, durante o cal os interesados poderán presentar as observacións ou alegacións que estimen oportunas. O contido íntegro da proposta esta publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros e na secretaria municipal.

Rematado o período de exposición pública, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda resolvendo as reclamacións que se presentasen, e aprobando a redacción definitiva da estrutura de costes. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional sen necesidade de novo acordo plenario.

En Muros, 3 de febreiro de 2026

A Alcaldesa

María Lago Lestón

2026/645